

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO ENERXÉTICO DO SECTOR DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA HORIZONTE 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou ca Fundación Clúster de Empresas Automoción de Galicia (CEAGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24/04/2018 ata o 28/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o Inega e CEAGA para a elaboración dun Estudo Enerxético do Sector de Automoción de Galicia que recolla o contexto enerxético actual das empresas do sector, así como as actuacións que aí que levar a cabo a curto, medio e longo prazo para facer máis sostible dita variable nas empresas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alio a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a vinteun de xuño de 2018.

Asinado dixitalmente.

